

MPN/plc

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA 17/02/2023

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D. Carlos López Font en substitución de D ^a Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D ^a . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D ^a . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D ^a . M ^a Victoria Alonso Méndez, en substitución de D ^a Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso D ^a . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e catro minutos do día dezasete de febreiro do ano dous mil vinte e tres, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de xaneiro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO NÚM. 4.7923, DO 27/01/2023, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA GUARDA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (Expte. 2021040003)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO NÚM. 4.7923, DO 27/01/2023, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA GUARDA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Guarda, con destino á execución da actuación denominada “Execución de reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.674.023,95€ e a subvención concedida a 609.672,74€ (36,42%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.064.351,21€ (63,58%).
- Na data 04/01/2022, posteriormente emendado o 11/01/2022, o Concello presenta no Rexistro da Deputación un proxecto reformulado do proxecto inicial da actuación subvencionada, no que o orzamento se incrementa ata o importe de 1.870.667,53€. O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 5.7748, adoptado na sesión ordinaria do 25/02/2022, prestou conformidade ao proxecto reformulado. O orzamento do investimento ascende a 1.870.667,53€, a subvención concedida, que non varía, ascende a 609.672,74€ (32,59%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.260.994,79€ (67,41%).

De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022001604 de 03/03/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das



partes, o cal se asinou o día 05/03/2022.

- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda ao Concello da Guarda por un importe de 385.754,11€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon (14.023,48€ dos 385.754,11€ da mencionada axuda corresponden a honorarios, partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon). Dita Resolución publicouse na data 02/12/2022 na sede electrónica do MITMA. Para reaxustar o financiamento, mediante o acordo núm. 4.7923 adoptado na sesión ordinaria do 27/01/2023, o Pleno da Corporación Provincial aprobou a modificación do acordo de concesión da subvención de data 17/12/2021.
- Na data 24/01/2023 o Concello presenta o Convenio subscrito coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, mediante o que se formaliza a achega da Xunta de Galicia por importe de 500.000,00€, con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada ao abeiro do Programa ReacPon.
- Na data 13/02/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 14/02/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución



de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.
- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobranste que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista da achega da Xunta de Galicia con destino ao financiamento da actuación “Execución de reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña”, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:



Orzamento	1.870.667,53 €	
Subvención MITMA (restando honorarios)	371.730,63 €	
Subvención XUNTA	500.000,00 €	
Importe restante a cofinanciar	998.936,90 €	
Mantendo as porcentaxes iniciais de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	325.565,39 €	32,59%
Concello	673.371,51 €	67,41%
Total	998.936,90 €	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza entre a subvención resultante da modificación do acordo de concesión aprobada polo acordo Plenario núm 4.7923 do 27/01/2023 (488.521,32€) e a subvención reaxustada (325.565,39€), que ascende a 162.955,93€, se deixará de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o concello.

Así mesmo, minórase a achega municipal ata o importe de 673.371,51 €.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 08/02/2023 (CSV: 6YDKR2LGH1FF1Z8D), o informe da Secretaria Xeral de 13/02/2023 (CSV: I6EJZAONALB3RP6V), e a dilixencia de conformidade de Intervención de 14/02/2023 (CSV: X9OWAFXVDSCSOYRR), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN da modificación do acordo Plenario núm. 4.7923, do 27/01/2023, de modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Guarda para realizar a actuación "EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA", ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda e, de proceder, a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído.

- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello da Guarda, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A ORGANIZACIÓN DO FORO DE MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA (Expte.2022060722)



De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal para a organización do Foro de Mobilidade Transfronteiriza” (Expte. 2022060722)

ANTECEDENTES:

- *No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal, desexan establecer as pautas de colaboración para a “ORGANIZACIÓN DO FORO DE MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA”.*
- *A realización deste Foro de Mobilidade Transfronteiriza ten como obxectivo investigar, analizar e difundir os hábitos e as necesidades dos desprazamentos na área transfronteiriza do río Miño dende diversos puntos de vista, de cara a ofrecer novas solucións que optimicen a mobilidade da cidadanía.*
- *A Deputación de Pontevedra e a Fundación CEER, coa vontade de manter unha colaboración estratéxica no ámbito da cooperación eurorrexional, consideran de utilidade e interese común levar a cabo esta colaboración na programación conxunta de programas de desenvolvemento local transfronteirizo que contemplan mellorar a cohesión, calidade de vida e o emprego, a través da cooperación no territorio provincial fronteirizo con Portugal.*
- *O obxecto do presente convenio ten por tanto, un encadramento claro nas políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abarca.*
- *En data 26/09/2022 a Fundación CEER, mediante rexistro de entrada nº WEB 2022050931, presenta na Sede electrónica da Deputación unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración para a organización do Foro de Mobilidade Transfronteiriza. Asemade, achégase unha memoria de execución do investimento cun orzamento total de 14.900,06 €, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado nun 100% pola Deputación de Pontevedra, no exercicio 2023.*
- *En data 14/10/2022 a Xefa do Servizo de Cooperación emite dilixencia informativa de que non era necesario que o servizo de Intervención emitise informe debido á imposibilidade de levar a cabo a acción descrita no convenio no prazo previsto inicialmente. En data*



16/01/2023 e 09/02/2023 a Xefa do Servizo de Cooperación emite novos informes solicitando continuar a tramitación do mencionado convenio, o cal se enmarca dentro do proxecto aprobado 0782_SMART_MINO_PLUS_1_E, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER, no marco do POCTEP 2014-2020..

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos, o informe non preceptivo da Secretaría Xeral e o informe da Intervención Provincial, no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 23/942.9431.453.94 “A Universidades, proxectos transfronteirizos” do orzamento provincial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións,



o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 de Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cun contido non comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servicios Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial,*



tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.

- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Fundación CEER e a Deputación de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións para levar a cabo a organización do Foro de mobilidade Transfronteiriza.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

A Fundación CEER presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A ORGANIZACIÓN DO FORO DE MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de Secretaría Xeral, e da Intervención Provincial; sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de resolución:

- *APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A ORGANIZACIÓN DO*



FORO DE MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A ORGANIZACIÓN DO FORO DE MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra (en diante a Deputación), con CIF P3600000H e domicilio social na Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra parte, D. Xulio E. Abalde Alonso, en calidade de Presidente da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (en diante CEER), con CIF nº G15964729, con domicilio social na Praza do Obradoiro, Pazo de San Xerome – Reitoría, s/n, 15782 de Santiago de Compostela (A Coruña), actuando segundo acordo do Padroado celebrado con data do 16 de marzo de 2021, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 15 dos estatutos da Fundación.

E dando fe do acto, Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Todas ás partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- *Que a Fundación CEER é unha entidade sen ánimo de lucro constituída por Universidades da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal (Universidades de A Coruña, Minho, Porto, Santiago de Compostela, Trás-os-Montes e Alto Douro e Vigo) con personalidade e capacidade xurídica plenas, e que ten como obxecto fundacional reforzar as vinculacións entre as universidades de Galicia e o Norte de Portugal, cun carácter netamente plural, integrador, dinamizador e innovador no ámbito do estudo, análise e desenvolvemento no marco da Eurorrexión, para a consecución dos cales*



impulsa, entre outras accións, actividades, proxectos e candidaturas a programas de desenvolvemento, investigación e innovación no marco eurorrexional Galicia-Norte de Portugal.

Segundo.- *A Rede de Universidades CEER, cunha traxectoria de mais de 18 anos de traballo conxunto, conta cunha constatada experiencia na xestión e desenvolvemento de proxectos transfronteirizos en diversa temáticas: mobilidade, economía, traballo, turismo, ciencias, humanidades, cultura, medio ambiente, etc. Para estes traballos, dispón dunha masa crítica de mais de 12.000 investigadores/as e profesores/as dentro da Comunidade Académica da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, entre os que destacan especialistas de recoñecido prestixio internacional.*

Terceiro.- *A Deputación é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, que dentro da esfera das súas competencias, ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia de conformidade ao establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E, especificamente, o artigo 36.1.d) establece que a deputación é competente en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.*

Cuarto. *A Deputación de Pontevedra desenvolve proxectos de cooperación transfronteiriza en colaboración con diversas entidades territoriais portuguesas co fin de aumentar a cohesión territorial e social dos concellos do Miño transfronteirizo, impulsando a colaboración institucional e social mediante fórmulas estables de cooperación que xeren iniciativas, proxectos e sinerxías capaces de contribuír decididamente ao crecemento intelixente, sustentable e integrador do territorio e da sociedade da raia, no marco da Estratexia Europa 2030.*

Quinto. *Ambas as entidades aquí representadas teñen os obxectivos e intereses comúns no ámbito da cooperación transfronteiriza e contan cun percorrido de colaboracións previas. Froito destas colaboracións foi a sinatura do Protocolo de colaboración entre a Deputación e o CEER do 09/03/2016, a partir do cal ambas participan, xunto con outras entidades e institucións, en proxectos de cooperación financiáveis con cargo a fondos INTERREG, así como na elaboración e promoción da Estratexia do Río Minho Transfronteirizo 2030, cuxo obxectivo é o desenvolvemento local no territorio provincial fronteirizo con Portugal, co fin de mellorar a vida e o emprego no territorio.*



Sexto. Tanto a Deputación coma o CEER, consideran de utilidade e interese común a continuación da colaboración na programación conxunta de accións de desenvolvemento local transfronteirizo que contemplan mellorar a cohesión calidade de vida e o emprego a través da cooperación no territorio provincial fronteirizo con Portugal.

Por tal motivo, as dúas partes, Deputación de Pontevedra e a Fundación CEER acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

As partes asinantes subscriben este convenio co obxectivo de que, a partir da experiencia gañada na elaboración da Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030, se organice o Foro de Mobilidade Transfronteiriza.

Segunda.- Contido do convenio

Para o cumprimento do obxectivo sinalado, o persoal directivo e técnico do CEER, realizará un traballo de dirección e secretariado técnico e administrativo da organización científico-técnica do Foro de Mobilidade Transfronteiriza.

Terceira.- Programa

O Foro cubrirá dous aspectos temáticos:

- Posibilidade de creación de servizos de cercanías ferroviarias no territorio do río Minho no contexto da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Aproximación desde múltiples puntos de vista: política, territorial, social.
- Experiencias de mobilidade transfronteiriza en Europa. Casos prácticos.

O programa do Foro de Mobilidade Transfronteiriza será deseñado e proposto polo CEER en consenso coa Deputación.

Cuarta.- Equipo de Traballo

A organización do Foro estará a cargo do CEER en coordinación coa Deputación. Estas funcións serán desenvolvidas polo persoal do CEER, sen prexuízo de que para algunhas delas teña que contar con investigadores, docentes da rede de universidades que conforman o CEER, así como con expertos internacionais en Mobilidade. O equipo de traballo será coordinado por Ángel Miramontes Carballada, director do CEER.

Quinta.- Orzamento



O orzamento de gastos das actividades a desenvolver é de 14.900,06 € (catorce mil novecentos euros con seis céntimos), IVE incluído, desagregado segundo consta no anexo I.

COMPROMISOS DA DEPUTACION

Sexta.- Financiamento da actividade

1. A Deputación contribuirá ao financiamento da actividade cunha achega máxima de 14.900,06 €, o que representa unha porcentaxe do 100%.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula quinta, a Deputación só alcanzará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.9431.453.94 "A universidades, proxectos transfronteirizos", na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

3. A realización dun foro de mobilidade transfronteiriza é unha das accións previstas no proxecto 0782_SMART_MINO_PLUS_1_E "Promoción de las dinámicas de movilidad sostenible en la frontera del rio Miño". Dito proxecto foi aprobado polo Comité de Xestión do POCTEP na data 13/12/2022 no marco da 6ª convocatoria do POCTEP 2014-2020, polo que a acción obxecto deste convenio será cofinanciada (75%) con cargo a fondos FEDER.

4. As achegas realizadas para a realización destas actividades son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que as entidades signatarias obteñan para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Sétima.- Pagamento e xustificación da actividade

1. A Deputación comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula sexta da seguinte forma e nos seguintes prazos:

- 35% do orzamento (**5.215,02 €**) tras a sinatura do presente convenio de colaboración e previa solicitude por escrito do CEER.
- 65% restante (**9.685,04 €**) seralle transferido ao CEER despois da presentación da seguinte documentación:



- *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- *Facturas ou copias das facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos pertinentes.*
- *Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.*
- *Certificación de gastos polo órgano competente que conteña unha relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no anexo I, non podendo ser estas superiores ao 20% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento.*
- *Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.*
- *Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula décimo segunda.*
- *Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.*
- *Proba do cumprimento das obrigas asumidas, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.*

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEER.

Oitava.- Apoio na difusión e comunicación.

A Deputación apoiará con efecto multiplicador as accións deseñadas polo CEER para difusión e comunicación do Foro de Mobilidade Transfronteirizo, a través de medios propios.

COMPROMISOS DO CEER

Novena.- Contratación e execución

1. O CEER comprométese á dirección, secretaría técnica e administrativa da organización e celebración do Foro de Mobilidade Transfronteiriza.
2. Corresponderalle ao CEER o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada. No procedemento



de contratación, o CEER axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

- 3. O CEER comprométese á presentación dunha proposta á Deputación, do formato e estrutura do Foro, xunto cunha proposta de listado de oradores con perfil de especialistas de destacado prestixio internacional, no ámbito eurorrexional e internacional.*
- 4. O CEER asumirá a xestión e comunicación cos poñentes. Dende o CEER asumirase a coordinación dos desprazamentos, aloxamento e mantenza das persoas poñentes, así como o pago dos honorarios aos oradores externos ao territorio, con cargo ao orzamento presentado no anexo I deste convenio.*
- 5. Durante a xornada do Foro de Mobilidade Transfronteiriza, o CEER organizará e asumirá os gastos dunha comida tipo buffet, de pé, ofrecida aos representantes institucionais, oradores, membros da organización e demais asistentes (até cubrir o aforo da sala, con previa inscrición).*
- 6. O CEER ofrecerá ás persoas asistentes un coffee-break de benvida, un segundo coffee-break a media mañá e un terceiro coffee-break a media tarde.*
- 7. O CEER será a institución encargada da xestión de inscricións e asistencia ao Foro de Mobilidade Transfronteiriza. Porá a disposición no evento, unha persoa para o control de acreditacións e de asistencia.*
- 8. O CEER encargarse da difusión e comunicación das actividades do Foro. Será a institución encargada da elaboración dun texto explicativo e de introdución da xornada. Tamén do subministro de contidos para elaboración da nota de prensa para as diferentes oficinas de comunicación das institucións universitarias da Eurorrexión e medios externos.*
- 9. Dende o CEER elaboraranse as conclusións do final do Foro.*
- 10. Os gastos de comunicación e difusión das actividades do Foro serán os recollidos no orzamento desagregado (ANEXO I).*

Décima.- Publicidade do financiamento provincial

- 1. O CEER fará constar de forma expresa o financiamento da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas ou científicas que se deriven das mesmas, así como na publicidade que con tal motivo se faga.*
- 2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.*



Décimo primeira.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse dende a data da sinatura deste convenio e terán unha duración de 4 meses.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CEER deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEER para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEER da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6ª a 7ª) de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEER na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEER terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, devengados desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Décima segunda.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. O CEER deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará a esta de oficio.

Décima terceira.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O CEER destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación de gasto presentada.



2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

Décima cuarta.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEER poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEER queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

3.- Do mesmo xeito e consonte o artigo 53.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicaranse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

Décima quinta.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se de vindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Base 25ª.14ª das de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13



de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Décima sexta.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEER serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro .

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CEER será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Décima sétima.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ate o **30/06/2023**.

2. Logo da solicitude previa do CEER, realizada polo menos un mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado ate un máximo de 3 meses por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Décimo oitava.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente



1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Suplementariamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao/á Presidente/a da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Décimo novena.- Comisión de Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Institucións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.



A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Vixésima.- Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

E para que conste, para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan este protocolo de colaboración por duplicado e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

*A Presidenta da Deputación de
Pontevedra*

O Presidente da Fundación CEER

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

Asdo.: Xulio E. Alonso Abalde

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo: Carlos Cuadrado Romay



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A ORGANIZACIÓN DO FORO DE MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA

ANEXO I

ORZAMENTO

O orzamento da actividade é de 14.900,06 € coa distribución seguinte:

Conceptos de gastos	Imputacións de personal	Imputación en nº de horas	Custe/hora	Total
Dirección e secretaría administrativa	Ángel Miramontes Carballada	40,00	0,00 €	0,00€
	Ana Paula Marques	35,00	0,00 €	0,00€
	Antía Pose García	55,00	20,14 €	1.107,70€
	María Rodríguez Gregori	45,00	20,14 €	906,30€
	Helena Rita Moreira	27,00	20,14 €	543,78€
	Breixo Martins Rodal	22,00	20,14 €	443,08€
Total				3.000,86€

Conceptos de gastos – Servizos externos	Coste	IVE (21%)	Total
Coordinación científica. Grupo de investigación. Expertos externos académicos.	1.652,89 €	347,11 €	2.000,00€
Comisión Científica: servizos de asesoramento dun grupo de investigación universitario eurorrexional, especializado en Mobilidade e Relacións	2.066,12 €	433,89€	2.500,00€



Transfronteirizas Galicia-Norte de Portugal			
Comisión Científica: servizos de 3 expertos externos de recoñecido prestixio internacional, especializados en Mobilidade e Relacións Transnacionais	495,87 €	104,13 €	600,00€
TOTAL: coordinación científica. Grupo de investigación. Expertos	4.214,88 €	885,13 €	5.100,00 €

Conceptos de gastos- Viaxes e aloxamento	Coste	IVE (21%)	Total
Desprazamento+Aloxamento+Manuementación. Experto Externo 1. Orixe: Irún. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	413,22 €	86,78 €	500,00 €
Desprazamento+Aloxamento+Manuementación. Experto Externo 2. Orixe: Auvernia-Ródano-Alpes. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	603,31 €	126,70 €	730,01 €
Desprazamento+Aloxamento+Manuementación. Experto Externo 3. Orixe: Venecia. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	504,55 €	105,96 €	610,51 €
Poñente 4. Desprazamento e manutención Orixe: Pontevedra. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	56,20 €	11,80 €	68,00 €
Poñente 5. Desprazamento e manutención Orixe: Porto. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	64,05 €	13,45 €	77,50 €
Poñente 6. Desprazamento e manutención Orixe: Ponte da Lima. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	56,20 €	11,80 €	68,00 €



Poñente 7. Desprazamento e manutención Orixe: Lisboa. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	213,22 €	44,78 €	258,00 €
Poñente 8. Desprazamento e manutención Orixe: Madrid. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	213,22 €	44,78 €	258,00 €
Poñente 9. Desprazamento e manutención Orixe: Santiago de Compostela. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	71,90 €	15,10 €	87,00 €
Poñente 10. Desprazamento e manutención Orixe: Santiago de Compostela. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	71,90 €	15,10 €	87,00 €
Poñente 11. Desprazamento e manutención Orixe: Vigo. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	40,50 €	8,51 €	49,01 €
Poñente 12. Desprazamento e manutención Orixe: Santiago de Compostela. Destino: Tui*1. 3 días de estancia pensión completa.	71,87 €	15,10 €	86,97 €
TOTAL:	2.380,14 €	499,86 €	2.880,00 €

Conceptos de gastos- Comunicación e difusión	Coste	IVE (21%)	Total
Deseño da imaxe dixital da xornada (1 ud)	413,22 €	86,78 €	500,00€
Roll-up (1 ud)	206,61 €	43,39 €	250,00€
Maquetación e publicación dun informe de conclusións das aportacións ás xornadas, presentadas na exposición de persoas conferenciantes	1.239,67 €	260,33 €	1.500,00€
Elaboración dunha sección web das xornadas	743,80 €	156,20 €	900,00 €
Edición de cartaces (250 uds)	289,26 €	60,74 €	350,00 €
TOTAL:	2.892,56 €	607,44 €	3.500,00 €



Conceptos de gastos	Coste	IVE (21%)	Total
Custes indirectos vinulado á porcentaxe de costes de imputación do persoal do CEER	346,45 €	72,75 €	419,20€

TOTAL	12.441,06€	2.459,00€	14.900,06€
--------------	-------------------	------------------	-------------------

*1: Destino final pendente de confirmar. O destino final no variará mais de 50 km de distancia

- *A APROBACIÓN deste convenio de colaboración someteuse o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.*
- *DARLLE TRASLADO da presente resolución á Fundación CEER, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia”.*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

4.- ROGOS E PREGUNTA

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
 Marina Piñeiro Novo

